

# PROXECTO SECCIÓN BILINGÜE

## QUE PRETENDE?

dar resposta ao reto educativo de “aprender no idioma” non só como unha área curricular senón como un instrumento de comunicación para aprender determinadas áreas.  
Queremos que os nosos alumnos, que proveñen dun medio rural, teñan as mesmas oportunidades que outros do ámbito urbano.

## EN QUE CONSISTE?

O proxecto de Sección Bilingüe concedida no curso 2012/2013 ten continuidade no presente curso, desenvolverase cos alumnos de 1º curso do 1º ciclo de Educación Primaria na área de Educación Artística (só Plástica). Durante este curso participaran nesta sección os dez alumnos/as deste nivel, contando todos eles coa autorización pertinente por parte dos seus pais/nais ou titores legais  
A profesora M<sup>a</sup> Mercedes Senín Vázquez, con destino definitivo no Centro, especialista en lingua Estranxeira Inglés, que imparte esta área a todos os alumnos do Centro, será a encargada de desenvolver esta sección bilingüe.



## OBXECTIVOS:

### Amais dos obxectivos da área de Educación Artística

- Lograr un coñecemento profundo da lingua inglesa dun xeito natural e dende os primeiros momentos da aprendizaxe.
- Conseguir o dominio da lingua inglesa ao finalizar o programa de bilingüismo implantado no centro.
- Adquirir una competencia axeitada entre a lingua inglesa e a lingua materna.
- Coñecer e compartir a idiosincrasia anglosaxona.
- Valorar o coñecemento de outras sociedades e culturas a través da lingua inglesa.

## CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Comprensión oral de mensaxes e textos sinxelos.
- Interacción oral en situacións de comunicación sinxelas.
- Asociación de imaxes con palabras de uso cotiá.
- Identificación de palabras e frases sinxelas presentadas de forma oral.
- Produción de mensaxes sinxelas en papel ou en formato dixital.
- Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social en lingua estranxeira.
- Participación con actitude de colaboración en xogos e dramatizacións.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenos e a nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos comúns.
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe da nova lingua
- Comprender mensaxes verbais, significativas e contextualizadas.

- Participar en interaccións orais
- Amosar comprensión
- Imitar sons, repetir producións orais
- Identificar e interpretar palabras e frases sinxelas
- Producir mensaxes significativas sinxelas
- Usar estratexias básicas para aprender a aprender
- Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura que están a estudar as alumnas e os alumnos.

